



**SOLUCIÓNS DO 1º Exercicio**  
Fase de **oposición** do proceso selectivo para cubrir unha praza vacante de  
**Operario/a de servizos varios** 28 de MAIO do 2014

**SOLUCIÓNS**

1	B
2	A
3	D
4	C
5	D
6	C
7	D
8	C
9	B
10	B
11	B
12	C
13	D
14	B
15	D
16	B
17	D
18	C
19	B
20	A
reserva 1	B
reserva 2	D
reserva 3	B
reserva 4	B



### SOLUCIÓNS DO 1º Exercicio

Fase de **oposición** do proceso selectivo para cubrir unha praza vacante de **Operario/a de servizos varios** 28 de MAIO do 2014

1ª PREGUNTA: **Cal dos seguintes é considerado pola CE como un dos valores superiores do ordenamento xurídico?**

- a) A xerarquía normativa.
- b) O pluralismo político.**
- c) A publicidade normativa.
- d) A equidade.

2ª PREGUNTA: **O art. 18.4 da nosa Constitución, de cara a garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns, e o pleno exercicio dos seus dereitos, limitará:**

- a) O uso da informática.**
- b) O uso da liberdade de prensa.
- c) O uso da liberdade de expresión.
- d) O uso da publicidade.

3ª PREGUNTA: **Segundo o artigo 11.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, son elementos do municipio:**

- a) O territorio, a poboación e a financiamento
- b) O territorio, as institución e a organización
- c) A organización, a autonomía e o territorio.
- d) O territorio, a poboación, e a organización**

4ª PREGUNTA: **A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a:**

- a) 2.000 habitantes
- b) 50.000 habitantes
- c) 5.000 habitantes**
- d) 20.000 habitantes

5ª PREGUNTA: **No art. 68 da Lei 39/2015 márcase coma prazo para subsanar unha solicitude que non reúna os requisitos establecidos:**

- a) 20 días.
- b) Non é posible subsanar unha solicitude mal presentada.
- c) O prazo máximo depende de cada administración.
- d) 10 días.**



### SOLUCIÓNS DO 1º Exercicio

Fase de **oposición** do proceso selectivo para cubrir unha praza vacante de **Operario/a de servizos varios** 28 de MAIO do 2014

6ª PREGUNTA: **No art. 31.2.a) da Lei 39/2015 especificábase que o rexistro electrónico permitirá a presentación de documentos:**

- a) Todos os días do ano de 9:00 a 14:00 horas
- b) De Luns a Venres de 9:00 a 14:00 horas.
- c) **Todos os días do ano durante as 24 horas.**
- d) Durante as 24 horas de Luns a Venres.

7ª PREGUNTA: **No Título VI, Capítulo IV da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia cítanse como medidas de conciliación e corresponsabilidade:**

- a) Establecer Salas de repouso e salas de lactación.
- b) Dereitos preferentes para acceder ao teletraballo a persoas que necesiten conciliar a vida persoal, familiar e laboral.
- c) Preferencia para non formar parte nas convocatorias de actividades formativas autonómicas.
- d) **A a) e b) son correctas.**

8ª PREGUNTA: **A Lei Orgánica 3/2007 entende no seu artigo 7 que é acoso sexual:**

- a) Calquera comportamento físico que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.
- b) Calquera comportamento verbal de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.
- c) **Calquera comportamento, verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.**
- d) Calquera comportamento verbal que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.

9ª PREGUNTA: **A función básica do sifón consiste en:**

- a) Pechar o paso de auga ao desaugadoiro
- b) **Evitar malos cheiros**
- c) Dar saída aos residuos sólidos
- d) Evitar o refluxo da auga



### SOLUCIÓNS DO 1º Exercicio

Fase de **oposición** do proceso selectivo para cubrir unha praza vacante de  
**Operario/a de servizos varios** 28 de MAIO do 2014

10ª PREGUNTA: **Os dispositivos deseñados para interromper a corrente eléctrica cando se produce unha sobrecarga denomínanse:**

- a) Curta corrente
- b) Cortacircuito**
- c) Circuito de protección
- d) Curta sobrecarga

11ª PREGUNTA: **Nas brocas en espiral, como se denomina a zona pola que se desaloxa o material que se corta?**

- a) Eixo
- b) Corpo helicoidal**
- c) Punta ou boca
- d) Talo

12ª PREGUNTA: **Cal das seguintes plantas é de folla caduca?**

- a) Rododendro.
- b) thuja plicata
- c) Castanea sativa**
- d) Juniperus

13ª PREGUNTA: **¿Cal das seguintes pode ser unha consecuencia de aplicar pintura en presenza de chuva?**

- a) Mala adherencia.
- b) Manchas na pintura.
- c) Alteracións das propiedades da pintura.
- d) Todas as anteriores son correctas.**

14ª PREGUNTA: **¿Cal dos seguintes produtos non é un illamento térmico utilizado en construción?**

- a) Lana de roca.
- b) Lana de aluminio.**
- c) Poliestireno extruído.
- d) Lana de vidro.

15ª PREGUNTA: **Cal das seguintes follas de paiker é gama baixa ou escala de dureza, para cortar metais ou aliaxes?**

- a) Hss-cobalto
- b) Bimetálico-Hss
- c) Hss
- d) Carbono**



### SOLUCIÓNS DO 1º Exercicio

Fase de **oposición** do proceso selectivo para cubrir unha praza vacante de **Operario/a de servizos varios** 28 de MAIO do 2014

16ª PREGUNTA: **Que é unha acción de conservación?**

- a) A renovación superficial do firme.
- b) O bacheo**
- c) A mellora da drenaxe subterránea
- d) Reciclaxe do firme

17ª PREGUNTA: **No tratamento de residuos, cando nos referimos á regra das tres “erres” falamos de:**

- a) Reciclar, recolocar e repoboar
- b) Reciclar, reutilizar e repoboar
- c) Reutilizar, reciclar e reforestar
- d) Reducir, reutilizar e reciclar**

18ª PREGUNTA: **Como se denomina a instalación destinada ao depósito de residuos, na superficie ou baixo terra, antes da súa eliminación?**

- a) Chan contaminado
- b) Estación de transferencia
- c) Entulleira**
- d) Almacenamento

19ª PREGUNTA: **Nun plan de autoprotección, ¿A que se denomina “Equipos de Primeira Intervención” (EPI)?**

- a) Son os que nunha situación de emerxencia organizan en primeiro lugar a evacuación do edificio a espera das instrucións do Xefe de Emerxencia.
- b) Son os que nunha situación de emerxencia acoden o lugar onde se producise a emerxencia para intentar o seu control e poñer en función o sistema de alarma.**
- c) Tamén chamados Equipos de Protección Individual, inclúen calquera equipo destinado a ser levado ou suxeito polo traballador para que lle protexa dos riscos para a súa seguridade e saúde laboral.
- d) Son as brigadas contra incendios que actúan cando a emerxencia se considera grave.

20ª PREGUNTA: **En materia de Primeiros Auxilios xunto coa valoración xeral do accidente, haberá que actuar seguindo unhas pautas básicas que responden a regra: P.A.S. ¿Que significan estas siglas?**

- a) Protexer, Avisar e Socorrer.**
- b) Protexer, Auxiliar e Socorrer.
- c) Previr, Avisar e Salvar.
- d) Previr, Auxiliar e Salvar.



### SOLUCIÓNS DO 1º Exercicio

Fase de **oposición** do proceso selectivo para cubrir unha praza vacante de **Operario/a de servizos varios** 28 de MAIO do 2014

#### PREGUNTAS DE RESERVA

1ª PREGUNTA RESERVA: **Aquela pintura que é moi porosa e permeable, de aspecto mate, con nula resistencia a auga e pouca dureza é:**

- a) Unha pintura á cal.
- b) Unha pintura o temple.**
- c) Unha pintura o silicato.
- d) Unha pintura a muñequilla.

2ª PREGUNTA RESERVA: **¿A partir de que altura necesitamos varandas nun andamio?**

- a) Sempre.
- b) A partir de 1 metro.
- c) A partir de 3 metros.
- d) A partir de 2 metros.**

3ª PREGUNTA RESERVA: **Traballos previos á reparación de baches?**

- a) Enche o bache con aglomerado e regao con emulsión
- b) Recortar e varrer o bache**
- c) Regar o bache con emulsión
- d) Ningunha é correcta

4ª PREGUNTA RESERVA:

**A reposición dunha baldosa debe iniciarse con:**

- a) Mollar a superficie
- b) Extraer a baldosa completa**
- c) Romper a baldosa
- d) Limpar a baldosa con deterxente

Dado que a publicación da plantilla de respostas foi publicada a día de hoxe, o prazo de **5 días hábiles** para poder revisar e presentar alegacións será contabilizado a partires do 2024-05-31.